

actividades para a clase actividades para a clase actividades

para a clase actividades para a clase **actividades**

para a clase actividades para a clase actividades

para a clase actividades para a clase actividades para

clase actividades para a clase **actividades** para



ASPECTOS XERAIS

1. Sinala a opción ou as opcións que che parezan máis correctas e razoa, en cada caso, a túa elección. Pensa que para iso debes ter en conta a globalidade do relato. É dicir, tes que centrarte nos aspectos xerais da obra lida, máis ca nos detalles particulares.

O texto que liches trata...

A Do estilo de vida dun deportista de elite.

B Da estrutura e da forma de pensamento dun asasino a soldo.

C Da execución dunha vinganza esperada e calculada durante moito tempo.

D Do proceso de investigación dun dobre asasinato e da súa resolución.

E Dos valores e dos motivos de pertenza a grupos violentos máis ou menos organizados, como os *skins* e os *Blasp*.

F Ningunha das opcións anteriores.

Data

Nome



Data

2. Polas súas características narrativas, poderíamos dicir que esta é unha novela policial. Imos facer un breve estudo sobre este xénero novelesco, a partir da resposta ás seguintes preguntas:

- Que é unha novela policial desde o teu punto de vista?

- Que estrutura pautada adoita seguir?

- Descubre e anota polo menos tres autores españois representativos deste xénero, e cita, polo menos, unha novela de cada un.

- Do mesmo xeito que a pregunta anterior, enumera polo menos tres autores internacionais representativos deste xénero e cita, como mínimo, unha novela de cada un.

- Anota unha película que pertenza ao xénero policial e fai un breve resumo do seu argumento.

Nome

3. Escolle a opción ou as opcións que che parezan máis correctas e xustifica, en cada caso, por que as elixiches e por que non:

O narrador dun relato é o personaxe inventado polo autor que nos conta a historia. O punto de vista narrativo ten que ver co personaxe ou cos personaxes aos que lles afecta o que o narrador está contando. O punto de vista é coma se, nunha película, a cámara seguise a actuación dun personaxe e coñecésemos del o que a cámara nos mostra. Con frecuencia, nun mesmo relato, o punto de vista cambia dun personaxe a outro. Isto permítenos coñecer movementos, pensamentos e accións de distintos personaxes.

O narrador é...

A Omnisciente.


B Un narrador en primeira persoa, que nos conta a historia desde o seu punto de vista.

C Unha alternancia de voces narrativas, segundo o capítulo.

D Ningunha das opcións anteriores.

4. Explica que é, no mundo do baloncesto, seis vinte e cinco, número que serve como título da obra.

5. Imaxina que es ilustrador e que che encargan a portada deste libro. Pensa que á parte da ilustración en si, deben constar o título, o autor, a editorial e que é Premio Edebé de Literatura Xuvenil. Tendo en conta todo iso, fai a túa portada.



Data

Nome

6. Na contraportada do libro hai un breve currículo do autor da novela, Jordi Cervera. Lemos que exerceu de guionista. Cres que esta sería unha boa historia para unha película? Por que?

7. Na contraportada aparece tamén unha páxina web. Consúltala e resume o que máis che chamase a atención de todo o que aparece nela. Xustifica a túa elección.





Data

8. Un libro contén moita información en si mesmo.

- Busca e contesta que é...

Jordi Cervera:

Periscopio:

Rodeira:

Morte desde seis vinte e cinco:

978-84-8349-252-9:

B. 20379-2009:

- Que é o ISBN dun libro?

- E o Depósito Legal?

Nome



OS PERSONAXES

9. Diferencia, segundo o seu grao de importancia na historia, os personaxes principais dos secundarios e xustifica a túa resposta.

PERSONAXES PRINCIPAIS

Area de resposta para os personaxes principais, con liñas para escribir.

PERSONAXES SECUNDARIOS

Area de resposta para os personaxes secundarios, con liñas para escribir.

Data

Nome



10. Describe os seguintes personaxes, e encontra na novela algún fragmento que xustifique as túas descrições.

RAY BARBOSA

JOAN PONS

PATRICIA MARTÍNEZ

CARLA PONS

Data

Nome



Data

ROBERT LLADÓ

.....
.....
.....
.....
.....

MAX SANZ

.....
.....
.....
.....
.....

DONALD BRUCE

.....
.....
.....
.....
.....

CARLES BARRERA

.....
.....
.....
.....
.....

KEVIN SAPHIRO

.....
.....
.....
.....
.....

Nome



Data

AVOGADOS RIVAS E COMAVELLA

JULES VIGNY

11. Nesta novela hai cinco personaxes que, nun momento dado, cambiaron radicalmente o seu estilo de vida. Enumera cales son e indica en que consistiu o seu cambio.

Nome



Data



.....
.....
.....

- Que cres que buscaba cada un deles a través deste cambio?

.....
.....
.....

- Cres que lograron o que buscaban?

.....
.....
.....

12. Ao final dalgúns capítulos, Jordi Cervera intercala fragmentos do diario de Parker, o asasino a soldo, nos que descubrimos o pasado do personaxe, así como a súa mentalidade, os seus valores e as súas opinións sobre o poder, a violencia, a traizón, a vinganza...

12

- Fai un breve resumo da súa concepción da vida, xustificándoo con fragmentos do libro.

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Nome



Data

- O mesmo personaxe suxire que é unha vítima do seu pasado. Xustifica a súa opción de vida, a partir das súas vivencias durante a infancia e do ambiente no que medrou. Na túa opinión, é xustificable que sexa un asasino a soldo? Por que?

- Max Sans tivo unha infancia completamente oposta á de Parker e, non obstante, a súa opción de vida parece que vai levalo polos mesmos camiños. Como poderías xustificar o seu comportamento?

- Busca no dicionario unha definición de psicopatía e cópiaa.

PSICOPATÍA

- Relaciónaa cos dous personaxes citados máis arriba.

Nome

VOCABULARIO

- 13.** Fai unha frase con cada unha das seguintes palabras que aparecen na novela. Para iso, asegúrate, utilizando o dicionario ou relendo o contexto no que aparece, de que coñeces o seu significado.

INEXORABLE (Cap. 1)

VESTIXIO (Cap. 2)

VIGOROSO (Cap. 3)

GUTURAL (Cap. 5)

ESPECULACIÓN (Cap. 9)

PENEIRA (Cap. 16)



Data

FETICHISTA (Cap. 20)

.....

SUBTERFUXIO (Cap. 24)

.....

PARADIGMÁTICO (Cap. 33)

.....

ECLECTICISMO (Cap. 33)

.....

CAPÍTULOS 1 AO 8

- 14.** Entre as páxinas 9 e 17, o autor describe os 30 últimos segundos de xogo de Ray Barbosa. Xustifica, na túa opinión, por que o fai con tanta detención e con detalle.

.....

Nome

- Relaciónao coa seguinte frase do texto:

«Así é a vida. Unha fracción de segundo convértete en gañador ou perdedor. Elévate ou afúndete.»

- Estás de acordo con esa frase? Para responder esa pregunta, intenta imaxinar o que debe ser vivir coma un deportista de elite.

- 15.** Durante o capítulo 2, Jordi Cervera presenta o grupo de *skins* que, capitaneados por Max, van ter certa repercusión no devir dos acontecementos futuros da novela. Enumera outros grupos de afeccionados deportivos que teñan un comportamento semellante nas bancadas.



Nome
Data

- Busca algunha noticia de xornal na que se narre algunha agarrada violenta nun estadio deportivo e pégaa.



Data

- Por que cres que hai grupos humanos que viven deste xeito a súa afección deportiva?

- Como cres que se senten os xogadores dun equipo cando a súa afección protagoniza estas agresións e estes escándalos?

- Que medidas de prevención se toman para evitar estas agarradas nos estadios deportivos?

- Pareceche que funcionan?

- Que outras solucións che veñen á cabeza?

Nome

16. Comenta esta frase:

«Cada gota de suor conta, cada gramo de enerxía é unha posibilidade para ascender na carreira cara ao éxito.»

- Segundo a frase anterior, que tipo de actitudes cumprirían para lograr unha exitosa carreira deportiva?

- Estás de acordo? Xustifica a túa resposta.

17. Ray Barbosa, a súa muller e o seu fillo decidiron mercar unha casa modernista, construída en 1879, no centro de Badalona. Malia non se privar de todas as comodidades no seu interior, conservaron intacta a fachada.

- Como é a arquitectura modernista? Indica cales son as súas principais características.

Data

Nome



Data

Nome

- Cal foi o seu máximo expoñente en Cataluña?

- Cita algunhas obras arquitectónicas do mesmo autor.

- Debuxa como imaxinas a casa dos Barbosa, tendo en conta as súas características de estilo.



Data

18. Onde se desfai o asasino da súa arma?

.....

19. Por que cres que Joan se deixa convencer por Max para entrar na casa de Barbosa?

.....

20. Quen chama a policía para que vaia á casa de Barbosa?

.....

21 Valora o comportamento deste personaxe e xustifica, na túa opinión, se cres que é un comportamento habitual na nosa sociedade.

.....

CAPÍTULOS 9 AO 16

22. No capítulo 9, o autor fálanos do barrio de Ray Barbosa, Dalt la Vila. Cóntanos que, malia conservar o estilo modernista nos seus edificios, ten todas as papeletas para desaparecer por mor da especulación. De feito, dalgúns balcóns penduran sabas reivindicativas nas que se pode ler: “Salvemos Dalt la Vila”.

- Por que cres que a especulación vai transformar o barrio?

.....

Nome

Data

- Coñeces outros barrios da túa cidade nos que estea a pasar algo semellante?

- Cal é a túa opinión ao respecto?

- 23.** Ao longo do capítulo dez o autor fai un retrato, de gran capacidade evocativa, da vida cotiá dun inmigrante e da súa familia. Fai un debuxo no que exprees as emocións e as sensacións que che provoca, ou ben busca unha canción que as reflecta.



22

Nome



- 24.** O asasino, baixo a identidade de Jules Vigny, finxe ser un turista interesado en Salvador Espriu. Que libro merca deste autor?

- Busca en Internet e cita outras obras do mesmo autor. Lembra que, para citárelas correctamente, tes que facelo na seguinte orde:

Apelido, Inicial do nome, Ano, Título, Lugar, Editorial.

- 25.** No capítulo 13 coñecemos a Patricia Martínez, detective. Recorda o caso que está investigando no momento en que nola presenta o autor.

- 26.** No capítulo 16, o autor cita unha canción de Carla Bruni, *Comme si de rien n'était*, baseada na novela dun escritor francés. Cita correctamente esta obra, seguindo a orde indicada máis arriba.

- 27.** Investiga sobre o argumento da devandita novela e inventa, a partir del, de que trata a letra da canción.

28. Investiga que outros libros escribiu Michel Houellebeck e cita algúns deles.

29. Le o seguinte fragmento, extraído das páxinas 84 e 85 da obra, que contén unha reflexión do asasino sobre a literatura.

«Reflexiona por un momento na capacidade dos escritores para converterse en cronistas da realidade, unha realidade que eles pasan pola peneira da ficción, transformándoa nunha certeza diferente que, polo simple feito de estar escrita, acaba tendo connotacións alleas ao día a día e, non obstante, é quen de ser un retrato fiel, case como un espello que devolve unha imaxe igual pero invertida e, polo tanto, alterada e diferente.»

- Expresa, coas túas palabras, que cres que significa esta reflexión.

- Estás de acordo? Xustifica a túa resposta a partir dos contidos deste libro.

CAPÍTULOS 17 AO 24

30. Por que está seguro Joan Pons de que os *skins* que entraron na casa dos Barbosa non cometeron o dobre asasinato?



Data

31. Nas páxinas 97 e 98 da obra, o asasino compara a súa forma de vida co traballo dun arquitecto, exacto e minucioso, sen deixar nada ao azar, para evitar riscos. Non obstante, continua co seu diario, malia ser consciente (como expresa no primeiro parágrafo) de que iso supón un risco. Por que cres que o fai?

32. Segundo Robert Lladó, cales son as circunstancias polas que cre que Ray Barbosa tiña unha relación máis estreita con el ca con calquera outro membro do equipo?

33. Con que outro xogador do Joventut tiña certa amizade?

- Por que?

34. Por que se sente Joan Pons presionado polo conseller?

35. Coidas que está xustificada esta actitude do conseller? Razona a túa resposta.

Nome



Data

36. A detective Patricia Martínez abre unha vía de investigación ao lle contar a Joan Pons os motivos e a petición de quen investigou a Magdalena Arqué días antes da súa morte. Compara a súa actitude coa dos avogados Rivas e Comavella e defínenos como persoas, a partir desa comparación.

.....

.....

.....

.....

.....

37. Patricia Martínez estaba a investigar o suposto roubo dun Modigliani por parte de Magdalena Arqué. Investiga sobre este pintor e anota nesta ficha os seguintes datos:

MODIGLIANI

Nome do pintor:

.....

Data de nacemento e morte:

.....

Estilo pictórico. Características principais:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Títulos dalgunhas das súas obras máis coñecidas:

.....

.....

.....

.....

.....

Nome

CAPÍTULOS 25 AO 32

38. De onde procedía realmente o cadro de Modigliani que presidía, nun lugar de honor, a casa de Magdalena Arqué?

39. De quen é o poema da entrada do cemiterio modernista de Arenys de Mar?

40. Na páxina 162 o asasino, mentres pasea polo cemiterio e le os epitafios, ten o impulso de visitar todos os cemiterios nos que haxa xente asasinada por el. Como xustifica este impulso?

41. Na páxina 176 o asasino reflexiona sobre o horror que causa a morte na cultura occidental e relaciónao co culto esaxerado que lle rendemos a través de rituais e de celebracións.

- Investiga como se concibe a morte noutra cultura e/ou noutra época e describe brevemente como se desenvolven os seus rituais, comparándoo coa nosa concepción actual. (Por exemplo, podes investigar como se concibe a morte no Xapón, na África Subsahariana, na tradición viquinga...)

Data

Nome



Data

42. Recorda as circunstancias do primeiro asasinato que cometeu Parker.

.....

.....

.....

43. No último parágrafo da páxina 202, Parker fainos partícipes da súa definición particular dun reformatorio:

«Un lugar inventado por esta sociedade para intentar redimir as mazás podres antes de que se descompoñan de todo e onde case nunca se logra ese obxectivo.»

- Comenta esta definición de Parker.

.....

.....

.....

- Estás de acordo coa súa visión dos reformatorios? Razona a túa resposta.

.....

.....

.....

- Que outras alternativas se che ocorren para integrar socialmente os mozos e mozas que medran no límite da legalidade?

.....

.....

.....

.....

.....

Nome



- 44.** Por que cres que Parker aprendeu a non deixar nada ao azar e a non deixarse levar pola paixón de Papa Doc Jones?

CAPÍTULOS 33 AO 40

- 45.** Ao longo do capítulo 33, Carla faille unha entrevista musical a Kevin Saphiro. A que músico ou grupo che gustaría entrevistar?

- Por que?

- Fai un pequeno guión coas preguntas que lle farías, tendo en conta a función divulgadora e informativa de calquera entrevista periodística.

46. No capítulo 37 dise que Ray é «A Cincenta do baloncesto». Xustifica esta metáfora.

47. Cres que Pons e Barrera consideran que Ray Barbosa é realmente encubridor do dobre crime?

- Para que cres que llo suxiren?

48. Ordena temporalmente o desenlace desta historia desde a visita de Barbosa ás dependencias policiais de Joan Pons.

30

- Carla vai ao despacho do seu pai para lle dicir que lle saíron ben os exames.
- Barrera informa a Pons do que descubriu o FBI, respecto do bufete de avogados da Quinta Avenida de Nova York.
- Parker sae ao balcón do seu apartamento en Arenys de Mar e saborea a súa vinganza.
- Joan Pons dá a orde de acordar a zona de apartamentos onde está Parker aloxado.
- Carla deita a vespa para tirar a Parker.
- Parker monta na vespa de Carla e obrígaa a se dirixir cara á autoestrada.
- Barrera informa a Pons de que Tyrrell e Parker foron amigos de nenos.
- Pons ve a vespa da súa filla e o inconfundible casco rosa de Hello Kitty.
- Pons inmoviliza a Parker e ponlle as esposas.

Data

Nome